

CCONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE DAS CLARISAS DO CONVENTO DE SANTA BÁRBARA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DAS CUBERTAS DO CONVENTO DE SANTA BÁRBARA DAS CLARISAS DESCALZAS DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural formalizou coa Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña, o instrumento conxenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura o pasado día 8 de agosto ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Comunidade de Relixiosas Clarisas Descalzas do Convento de Santa Bárbara en A Coruña para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de restauración das cubertas do Convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxenial asinado se fundamenta no seguinte:

O convento de Santa Bárbara das Clarisas Descalzas, situado no concello da Coruña, está protexido polo seu valor cultural ao ter a consideración de ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que determina a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), ao estar recollido no Catálogo da MP do PEPRI da cidade vella e pescadería da Coruña (aprobado definitivamente o 26.01.2015) coa ref. 9523001_núm. 5 da relación de edificios con Nivel I.

O inmovible tamén configura a praza de santa Bárbara, declarada ben de interese cultural segundo o Decreto 555 do 11.03.1871 (código 39006335). O convento está situado no corazón da cidade vella da Coruña, tamén BIC segundo o Decreto 29/1984 e coa ref. de rexistro 53-0000321-00000.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

